

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Aprobación definitiva modificación Ordenanza reguladora de prestación e axudas de emerxencia social

CABANAS

Aprobación definitiva modificación Ordenanza Axudas de Emerxencia Social do Concello de Cabanas

ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, ce lebrada en data 29 de xaneiro de 2020, procedeuse á aprobación da modificación da Ordenanza de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Cabanas.

Sometido a información pública, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 28, de data 11 de febreiro de 2020, sede electrónica e Taboleiro de Edictos do Concello de Cabanas, polo prazo de trinta días hábiles sen terse presentado alegacións á mesma, elévase automaticamente a definitivo o acordo inicial, publicándose integramente o texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no cumprimento do establecido nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

“ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓN E AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 4 establece que o Sistema Galego de Servizos Sociais rexerese polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal, integración e normalización, coordinación e planificación. No capítulo 2 da devandita lei faise referencia ao catálogo de Servizos Sociais e, concretamente no artigo 21.2.b, inclúense dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia e necesidade social.

Os Servizos Sociais Comunitarios constitúen o primeiro nivel de acceso ao Sistema Público de Servizos Sociais e proporcionan unha atención que ten por obxecto favorecer o acceso aos recursos dos sistemas de benestar social, xerando alternativas ás carencias ou limitacións na convivencia, favorecendo a inclusión social e promovendo a cooperación e solidariedade social nun determinado territorio.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico.

1.- Obxecto: A presente Ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das Axudas de Emerxencia Social no Municipio de Cabanas. Con estas Axudas de Emerxencia Social preténdese apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas con relación á alimentación, aloxamento, necesidades básicas de mantemento de vivenda habitual, vestido, educación e formación, atencións sanitarias non cubertas polos diferentes sistemas públicos. Así como evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos provoca e que afectan ao normal desenvolvemento das persoas en sociedade.

2. Réxime xurídico: A concesión polo Departamento de Servizos Sociais das prestacións municipais, rexeranse polo disposto na normativa e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento. En concreto, a presente Ordenanza desenvólvese ao abeiro das facultades que confire a este Concello a normativa vixente, en particular o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como nos artigos 25.1, 27.1, 27.3 c) da mesma Lei, exercitando a potestade normativa que regula o artigo 84.1 da citada Lei 7/1985. Así mesmo, ten presente o establecido tanto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, conseguindo así a efectiva implantación dun sistema para a autonomía e atención da dependencia, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O ámbito territorial de aplicación da presente Ordenanza é o termo Municipal de Cabanas. O ámbito funcional é a atención de situacións de necesidade básica de carácter urxente.

Son titulares do dereito a acceder ao sistema de Servizos Sociais e, por conseguinte, do dereito de acceder ás axudas de urxencia ou emerxencia as persoas de nacionalidade española, as persoas nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros residentes, sempre que se atopen empadroados neste municipio dende fai polo menos un ano. O resto de persoas que carezan da nacionalidade española deberán estar ao establecido na lexislación estatal sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe. En todo caso, as persoas que se atopen nesta localidade nunha situación de urxencia persoal, familiar ou social, poderán acceder a aquelas prestacións do sistema de Servizos Sociais que permitan atender dita situación. Esta situación será valorada por profesionais municipais de Servizos Sociais en función da súa gravidade, precariedade e perentoriedade.

Será requisito de acceso ás axudas o non dispor de recursos propios suficientes para cubrir a necesidade obxecto da axuda solicitada, carecendo de bens inmobles ou mobles segundo se estipula posteriormente nesta mesma Ordenanza, exceptuando a vivenda de uso habitual, cuxa valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indiquen de maneira notoria a existencia de medios materiais suficientes para atender en por si a necesidade para a que demanda a axuda.

Artigo 3. Definición.

Considéranse axudas de emerxencia, aos efectos da presente Ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único e carácter extraordinario destinadas a resolver situacións puntuais de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións nas que non estean cubertas as súas necesidades básicas.

As Axudas de Emerxencia Social caracterízanse por:

- O seu carácter finalista, debendo destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada no acordo de recoñecemento da axuda, feito que debe quedar acreditado.
- O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente.
- O seu carácter personalísimo e intransferible.
- O seu carácter transitorio, e non periódico.

Artigo 4. Obxectivos.

A concesión de axudas de emerxencia persegue o obxectivo primordial de satisfacer necesidades puntuais e urxentes para a partir da solución desa situación, poder reconducir na medida do posible as necesidades de quen padece as necesidades que se cobren puntualmente.

Artigo 5. Contido das axudas.

As Axudas de Emerxencia Social aquí reguladas destinaranse á satisfacción dunha necesidade primaria e esencial para a subsistencia da persoa e da súa unidade familiar.

Aos efectos desta Ordenanza considéranse situacións de extrema e urxente necesidade susceptibles de ser atendidas mediante unha Axuda de Emerxencia Social as seguintes:

A) Gastos derivados da vivenda ou aloxamento:

-Gastos derivados do risco inminente de imposibilidade de continuar na vivenda habitual e de posibilidade de afrontar os gastos que permitan conservar o dereito ao uso da mesma, sexa cal fose a causa: situacións de emerxencia ou sinistro, tales como incendio, inundación, ruína, desafiuzamento ou outras causas imprevisibles ou inevitables que obrigasen ao abandono da vivenda.

-Gastos derivados do aluguer.

-Gastos derivados da amortización ou o pago de intereses derivados de adquisición de vivenda.

-Gastos de auga, enerxía eléctrica, gas ou outras subministracións esenciais.

B) Necesidades básicas de subsistencia:

-Alimento.

- Vestido.

C) Gastos relativos á educación de menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estivesen cubertos por outras axudas públicas e fosen fundamentais para a continuidade da súa asistencia.

D) Adaptación funcional da vivenda para persoas que teñan recoñecida a condición sobrevida de discapacidade, ou para aquelas que, aínda non tendo tal condición, teñan graves problemas de mobilidade, sempre que se trate de gastos non

cubertos ou cubertos de forma insuficiente por outras axudas públicas e que se consideren imprescindibles e de primeira necesidade para o desenvolvemento normal da súa vida, sempre que a súa falta de atención puidesen supor un risco para a súa vida e a súa saúde.

E) Obras necesarias para a habitabilidade da vivenda:

-Reparacións extraordinarias e urxentes necesarias para manter a vivenda en condicións de seguridade, hixiene e salubridade de carácter primario, sempre que a súa falta de atención puidesen supor un risco para a súa vida e a súa saúde.

-Instalacións de carácter básico que resulten imprescindibles para a subsistencia en condicións mínimas de habitabilidade da vivenda.

-Gastos de mobiliario esencial e imprescindible.

F) Endebementos contraídos con anterioridade á axuda e referidos a algún dos gastos relacionados nos apartados anteriores, sempre que non se conte con outros medios económicos para satisfacelo e exista perigo de desafiuzamento, embargo ou outro procedemento xudicial de execución.

G) Outros gastos non relacionados, considerados de primeira e urxente necesidade, cuxa necesidade se xustifique suficientemente no informe social elaborado ao efecto.

Non son susceptibles desta axuda:

- Os gastos derivados de obrigacións tributarias e débedas coa Seguridade Social.

- Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de Ordenanzas Municipais.

- Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.

Artigo 6. Condicións xerais.

O programa de prestacións de emerxencia municipal diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de necesidade e non teñen cobertura por outros sistemas de protección social.

As prestacións teñen un carácter temporal extraordinario. O que supón que as prestacións se concederán para un período de tempo establecido podendo ser renovadas se se mantivesen as condicións en que se concederon e sempre que se cumprise o proxecto de inserción firmado e consentido entre os Servizos Sociais Municipais e a persoa interesada.

As persoas titulares das prestacións de emerxencia municipal e outros membros da unidade familiar de convivencia independente subscribirán cos Servizos Sociais Comunitarios un proxecto de inserción que recolla as intervencións ou actuacións específicas en materia de inserción cuxo contido será negociado e aceptado pola persoa beneficiaria.

As prestacións de emerxencia municipal concedidas non poderán ser invocadas como precedente en posteriores solicitudes pola mesma persoa beneficiaria.

Estas prestacións serán intransferibles, e por tanto, non poderán ofrecerse en garantía de obrigacións, ser obxecto de cesión total ou parcial, compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas, e/ou retención ou embargo, salvo nos supostos e cos límites previstos na lexislación xeral do estado que resulte de aplicación.

A concesión das prestacións axustarase á correspondente partida de gasto. No en tanto, se se dese un incremento da demanda que xere un gasto superior ao previsto, habilitarase a partida na medida que fose posible e necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes para cubrir o devandito gasto de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

As situacións de excepcionalidade que puidesen darse en relación a conceptos non contemplados ou condicións para acceder a este Programa serán recollidas polos Servizos Sociais, que emitirán os correspondentes informes proposta para o seu estudo.

Os Servizos Sociais comprobarán, polos medios oportunos, a situación económica, laboral e social das persoas solicitantes, o destino das prestacións ao obxecto previsto e o cumprimento dos proxectos de inserción.

Artigo 7. Persoas destinatarias.

Poderanse beneficiar destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares no mesmo domicilio. Entendemos por unidade familiar o núcleo de convivencia composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de persoa beneficiaria, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

Naqueles supostos en que dentro dunha mesma unidade familiar existan varias persoas susceptibles de ser beneficiarias desta axuda e formulasen solicitude para atender ao mesmo gasto, tratarase como problema social único e conxunto e só se recoñecerá a aquela que, reunindo os requisitos establecidos, proceda a valoración dos Servizos Sociais.

Artigo 8. Requisitos das persoas solicitantes.

-Acreditar unha residencia no Concello de Cabanas cunha antigüidade mínima dun ano (1 ano), como norma xeral, mediante certificado de empadramento.

No caso de non reunir o requisito xeral, queda aberta a posibilidade da concesión das axudas de emerxencia social segundo a valoración naqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de desprotección, no mesmo intre da súa petición, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social dos Servizos Sociais, e co visto e prace da Alcaldía ou Concellería delegada.

-Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior a dúas veces o valor do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda. Para efectos do cómputo de ingresos poderase solicitar calquera documentación que se considere necesaria para a acreditación dos recursos económicos familiares no momento de realizar a solicitude. No caso dun só membro da unidade familiar, o límite de ingresos será o equivalente ó importe do valor do IPREM.

-Capital mobiliario: Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta ós recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen os 3.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarase o saldo recollido na certificación bancaria a 31 de decembro de cada ano).

-Capital inmobiliario: Que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar, non sexa propietaria e/ou usufrutuaria de bens inmoables que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indique de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ó gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda destinada ó uso propio sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do Salario Mínimo Interprofesional Vixente para cada ano.

-Non figurar, a persoa solicitante nin outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio con persoal asalariado.

-Non dispoñer de máis dun vehículo (coche) na unidade familiar calquera que sexa o seu titular.

Artigo 9. Obrigas das persoas beneficiarias.

Serán obrigas das persoas beneficiarias e dos membros da unidade económica de convivencia independente:

-Aplicar a prestación á finalidade para a que foi concedida.

-Comunicar os cambios que en relación ás condicións xerais e requisitos específicos das Prestacións, puidesen dar lugar á modificación, suspensión, denegación das mesmas.

-Comunicar calquera cambio relativo ao domicilio de residencia habitual da persoa titular.

-Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou en contía indebida.

-Subscribir e cumprir o proxecto de inserción.

-Facilitar o labor do equipo de Servizos Sociais ofrecéndolles canta información sexa necesaria para a elaboración do informe social que permita valorar as súas circunstancias económicas e persoais, mantendo en todo momento unha actitude colaboradora.

Artigo 10. Contías das axudas.

Establécense como norma xeral as seguintes contías:

A) Alimentación: Segundo a Unidade Económica de Convivencia (UEC) o tope máximo será de:

-UEC de 1 ou 2 membros: Ata 50 € ao mes e ata un tope máximo de 600 € anuais.

-UEC de 3 membros: Ata 75 € ao mes e ata un tope máximo de 900 € anuais.

-UEC de 4 membros: Ata 100 € ao mes e ata un tope máximo de 1.200 € anuais.

-UEC de 5 ou máis membros: Ata 150 € ao mes e ata un tope máximo de 1.800 € anuais.

B) Alimentación infantil especial e gastos derivados de nacemento e coidado de menores: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 600 euros.

C) Vestiario básico: 300 euros ao ano por unidade económica de convivencia.

D) Medicación: Ata un tope máximo de 200 euros cando o medicamento non se poida adquirir polo Sergas ao 100%.

E) Gastos de vivenda:

-Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 300 euros no prazo máximo dun ano.

-Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo dun ano.

-Pagamento subministro de vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo dun ano.

F) Actividades que teñan como obxectivo a integración, previo informe da traballadora social: Ata un máximo de 200 euros.

G) Gastos derivados de tratamentos ou intervencións psicosociais: Ata un máximo de 500 euros por ano.

H) Axudas ao transporte metropolitano, previo informe da traballadora social no que se xustifique a súa necesidade: Ata un máximo de 300 euros por ano.

I) Axudas para o reforzo educativo e de aprendizaxe: Ata un tope de 500 euros anuais.

En cada solicitude so poderán ser subvencionados dous conceptos dos sinalados anteriormente.

Estas axudas de emerxencia social estarán supeditadas ás limitacións orzamentarias que anualmente se establezan.

Artigo 11. Réxime de incompatibilidades.

Ningunha persoa poderá ser beneficiaria simultaneamente de máis dunha prestación para a mesma finalidade, calquera que sexa a administración pública outorgante. Excepcionalmente poderán concederse axudas cando as prestacións económicas ou servizos que se reciban doutras administracións públicas non cubran a totalidade do importe da prestación para a que se solicitou a axuda.

En xeral, será compatible o goce pola mesma persoa beneficiaria de varias prestacións económicas e a utilización grauíta por esta dos servizos das administracións públicas ou de entidades privadas financiadas con fondos públicos, cando teñan distinta natureza atendan diferentes necesidades, dentro dos límites e contías económicas establecidas.

Artigo 12. Seguimento das axudas.

Serán os Servizos Sociais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas de emerxencia social, así como o destino dado ás mesmas podendo requirir as persoas beneficiarias a información ou documentación necesaria para o exercicio da devandita función de forma adecuada.

TÍTULO II. NORMAS DE PROCEDEMENTO

Artigo 13. Solicitude.

As solicitudes presentaranse ante o Rexistro Municipal do Concello de Cabanas, segundo modelo que será facilitado ao efecto, sen prexuízo do establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 14. Documentación.

Xunto á solicitude que se presentará no modelo oficial as persoas interesadas deberán achegar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos para cada unha das prestacións solicitadas, entre as que se atopan as seguintes:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación persoal e de todos os demais membros da unidade económica de convivencia independente.

b) Fotocopia da Tarxeta Sanitaria.

c) Certificado de residencia e, no seu caso, de convivencia, expedido polo Concello de Cabanas.

d) No caso de persoas con discapacidade, certificado de condición legal da persoa con discapacidade no seu caso.

e) En caso de persoas incapacitadas, resolución xudicial de recoñecemento desta situación.

f) Xustificantes económicos así como do patrimonio de todos os membros da unidade económica de convivencia independente:

-Certificados bancarios relativos ao estado de contas e títulos bancarios.

-Certificados de bens e inmobles expedido polo rexistro da propiedade ou último recibo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e/ou rústica.

-Fotocopia do contrato de traballo e da última nómina mensual

-Fotocopia do recibo da última pensión ou certificación do INSS de pensión actualizada.

-Fotocopia do recibo do último pago de prestación ou subsidio ou Certificado do INEM de prestación ou subsidio actualizado.

-Fotocopia de recibo do último pago do convenio regulador ou resolución correspondente.

-Copia da última liquidación a conta do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

h) Contrato de arrendo ou subarrendo. Factura de aloxamento alternativo. Contrato de hospedaxe (acompañados dos seus correspondentes recibos).

i) Documentos que dean orixe á solicitude (reclamacións de cantidades por aluguer, requirimentos de pago con aviso de suspensión de subministración de enerxía eléctrica, de gas ou similares).

Os Servizos Sociais municipais poderanlle solicitar á persoa solicitante da axuda calquera outro documento que unha vez estudado o expediente, considere necesario para a súa adecuada resolución.

Garantirase a confidencialidade dos datos e o seu adecuado procesamento, debendo respectarse en todo caso o establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos. A persoa solicitante deberá asinar autorización expresa de tratamento de datos de carácter persoal.

Artigo 15. Instrución e resolución do expediente.

Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente requirirase á persoa interesada para que, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administrativas Comúns, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose esta sen máis trámite nos termos establecidos no artigo 21 da devandita lei.

A solicitude e documentación presentada será estudada e valorada polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabanas. O persoal técnico emitirá un informe escrito no que se porá de manifesto se a persoa interesada cumpre os requisitos sinalados para percibir as prestacións solicitadas e contempladas no departamento.

A Alcaldía, visto o informe social, resolverá a adxudicación das axudas de emerxencia social no prazo máximo dun mes (1 mes). Se transcorrido este prazo non obtén contestación, considerarase desestimada.

Artigo 16. Xustificación.

Na resolución de concesión exprésase a obriga da persoa beneficiaria de xustificar a aplicación da axuda á situación de necesidade á que se orientaba.

A xustificación da axuda realizarase no prazo máximo dun mes (1mes) dende a súa concesión, mediante a presentación de facturas, recibos ou xustificantes que acrediten de forma fidedigna os gastos realizados.

No caso de pagos fraccionados o prazo de xustificación será de quince días (15 días) dende o momento de cada pago parcial.

As facturas e xustificantes presentados a efectos da xustificación deberán ser orixinais e conter, como mínimo, os datos do seu emisor e destinatario, facendo constar o seu número de identificación fiscal, o ben ou servizo obxecto da contraprestación e o importe do mesmo, con expresión da parte correspondente ao IVE, e a data de expedición da mesma.

Dado o carácter destas axudas, excepcionalmente admitiranse outras formas de xustificación que serán valoradas polos Servizos Sociais de Base e a Intervención Municipal.

Artigo 17. Denegación da prestación.

A denegación das solicitudes que deberá ser motivada, procederá por algunha das seguintes causas:

-Non cumprir os requisitos esixidos.

-Negativa a subscribir e negociar un proxecto de inserción.

- Poder satisfacer adecuadamente as necesidades por si mesmo e/ou co apoio dos seus familiares, representante legal ou gardadores de feito.

-Corresponder a atención ao solicitante a natureza da prestación ou por razón de residencia a outra administración pública.

-Por constar no seu expediente persoal non ter cumprido noutras ocasións en que se concedesen axudas puntuais de emerxencia coas obrigacións mínimas impostas no acordo e convenio de concesión.

-Por calquera outra causa debidamente motivada.

Artigo 18. Suspensión a prestación.

A suspensión da prestación poderá ser motivada pola perda temporal dalgúns dos requisitos da mesma ou polo incumprimento das obrigas da persoa destinataria recollidas no artigo 8 desta Ordenanza.

A suspensión manterase mentres persistan as circunstancias que desen lugar á mesma por un período continuado máximo de tres meses, transcorrido o cal, procederase á extinción do dereito á prestación.

Artigo 19. Modificación da prestación.

A prestación poderá ser modificada por:

- Modificación do número de membros da unidade económica de convivencia independente.
- Modificación dos recursos que servisen de base para o cálculo da prestación.

Artigo 20. Extinción da prestación.

Producirase a extinción da prestación polos seguintes motivos:

- Por falecemento, renuncia ou traslado da persoa solicitante fora do Concello de Cabanas.
- Pola desaparición da situación de necesidade.
- Por omisión ou falsidade nos datos que foron tidos en conta para conceder a prestación.
- Pola perda dalgúns dos requisitos ou condicións esixidos para ser beneficiario da prestación.
- Por non destinar a prestación ao obxecto da mesma.
- Por mantemento dunha situación de suspensión por período continuado superior a tres meses.

Artigo 21. Suspensión cautelar da prestación.

Con independencia de que se iniciase ou non un procedemento de extinción, ben de oficio ou a instancia de parte, poderase proceder á suspensión cautelar do pago da prestación cando se detectasen na unidade económica de convivencia independente indicios dunha situación que implique a perda dalgún dos requisitos esixidos para o recoñecemento ou mantemento da mesma.

Deberase resolver acerca do mantemento, suspensión ou extinción da prestación nun prazo máximo de tres meses dende a adopción da suspensión cautelar.

Artigo 22. Desistimento ou renuncia.

A persoa solicitante poderá desistir da súa solicitude ou renunciar ao seu dereito á prestación recoñecida, mediante escrito dirixido ao Concello de Cabanas. Este ditará resolución en que se exprese a circunstancia en que concorre con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Artigo 23. Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas en concepto de Axuda de Emerxencia Social, coa esixencia do interese de demora establecido legalmente, nos seguintes casos:

- Ter obtido a axuda falseando ou ocultando datos que determinasen a súa denegación.
- Destinar a axuda a outros fins distintos daqueles que se especificasen na resolución de concesión.
- Non xustificar a aplicación da Axuda ou xustificar fora de prazo.
- Nos demais casos previstos na lexislación reguladora de subvencións.

Artigo 24. Procedemento de urxencia.

En caso de urxencia debidamente xustificada e valorada polas persoas profesionais dos Servizos Sociais municipais, procederase a conceder unha parte proporcional da axuda precisa á maior brevidade posible, sen prexuízo da adopción das medidas necesarias que garantan a súa finalidade e a aprobación posterior por órgano competente.

TÍTULO III. POTESTADE SANCIONADORA, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**Artigo 25. Potestade sancionadora.**

A potestade sancionadora corresponderalle á Alcaldía, dentro do ámbito das súas competencias, sen prexuízo de dar conta no seu caso ás autoridades gubernativas e xudiciais, no caso de que poidan constituír un obxecto constitutivo de delito ou falta das condutas e infraccións cuxa sanción e inspección teñan atribuídas legar ou regulamentariamente, sempre previa incoación do expediente administrativo correspondente, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 26. Infraccións.

A efectos da presente Ordenanza, as infraccións clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Considéranse **infraccións moi graves** a reincidencia na comisión das graves, e calquera das que se enumeran a continuación:

-O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do Departamento de Servizos Sociais.

-A obtención da axuda de emerxencia social falseando ou ocultando os datos en base aos que se elaborase o informe social, determinantes para a concesión.

-A non aplicación ou aplicación parcial da axuda á finalidade específica determinada na resolución.

Considéranse **infraccións graves** a reincidencia na comisión de infraccións leves, e as que a continuación se enumeran:

-Unha perturbación do normal funcionamento deste Servizo.

-O incumprimento da obriga de comunicar no prazo establecido a concesión doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

-Falta de xustificación da aplicación da axuda nos termos establecidos no artigo 16 desta Ordenanza.

Considéranse faltas leves todas aquelas infraccións a esta Ordenanza que non estean tipificadas nin como graves nin como moi graves.

Artigo 27. Sancións.

Poderase decidir a cesación da prestación da axuda en caso de comisión de falta grave ou moi grave, para o que se precisará previamente o informe da Traballadora Social e da Comisión de Valoración.

Disposición final.

A presente ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada en data 29 de xaneiro de 2020, entrará en vigor a partir da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2 en, relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Cabanas, 26 de marzo de 2020

O Alcalde,

Carlos Ladra Brage

2020/2275